

O SOÑO QUE NUNCA EXISTIU

SOFÍA SILVA CARBAJALES

(alumna de 1º de bacharelato)

LISTE LÓPEZ, SOCORRO

IES Pontepedriña

FACAL DÍAZ, JOSÉ MANUEL

IES Lamas de Abade

Póñase vostede no lugar dun funcionario da FDA responsable de aprobar ou desbotar un novo fármaco. Pode cometer erros moi diferentes:

- 1) Aprobar un fármaco que resulta non ter posto de manifesto efectos secundarios que provocan a morte.*
- 2) Denegar a aprobación dun fármaco que é capaz de salvar varias vidas.*

Se comete o primeiro erro (aprobar a talidomida), o seu nome aparecerá na primeira páxina de todos os xornais... se comete o segundo erro, quen o vai saber?... As persoas cuxas vidas se puidesen ter salvado non estarán aquí para protestar. As súas familias non poderán saber que os seus seres queridos perderon as súas vidas por culpa da “precaución” dun descoñecido funcionario da FDA.

Milton y Rose Friedman, Libertad de Elegir

Teñen que entendela. Naquel tempo pensabamos que a “lobotomía” era unha cura. (Declaracións dunha enfermeira que en 1954 custodiaba un hospital psiquiátrico).

Caso Abierto, serie de TV

A presenza dunha unidade clandestina [A Quinta Columna en Madrid, 1936], non uniformada coa que se loitaba a cegas; dunha unidade que podía decidir a batalla decisiva da guerra, nunha cidade en estado de sitio, non deixou ao mando militar máis que unha política posible: sementar o terror sobre os medios sociais e políticos nos que normalmente podía apoiarse esa unidade e iso permitiunos gañar a batalla. Evidentemente iso supuxo aceptar responsabilidades. Eu aceptei as miñas.

Santiago Carrillo, Mi Testamento Político.

Naquela época estas investigacións considerábanse algo necesario e incluso patriótico. Non se é responsable dos tempos. (Declaracións dun médico que en 1958 experimentaba con nenos dun orfanato, facendo que tomaran cereais radioactivos durante a Guerra Fría, a efectos de comprobar as consecuencias dunha bomba nuclear na poboación.)

Caso Abierto, serie de TV

Hai que sobrepoñer sempre o cerebro, a razón ao corazón.

Julián Besteiro

En torno a 1960 Chemie Grünenthal comercializou unha serie de medicamentos, co principio activo talidomida, cuxo efecto hipnótico e antináuseas era máis seguro que o dos barbitúricos utilizados na época. En apenas un par de anos, o español Claus Knapp e o seu colega Widukind Lenz, na Clínica Universitaria de Hamburgo, descubriron unha relación entre as malformacións xenéticas de nenos nados de nais que usaran o citado medicamento.

Nos Estados Unidos, tales malformacións foron mínimas debido a que a médica e farmacóloga, Frances Kelsey, non autorizou a comercialización do medicamento por ausencia de probas claras sobre a súa seguridade. O seu éxito, impedindo as terribles consecuencias do medicamento, motivou a Emenda Kefauver Harris que regulou os procesos para garantir a eficacia e seguridade dos medicamentos e, ademais, que o prospecto dos mesmos incluíse posibles efectos secundarios. A Kelsey foille concedido o President's Award for Distinguished Federal Civilian Service polo Presidente Kennedy. Actualmente a talidomida é empregada en tratamentos de enfermidades como a lepra ou o cancro.

En 2013 en España celebrouse o xuízo da Asociación Española de Vítimas da Talidomida e outras Inhabilidades (AVITE) contra Grünenthal e o argumento da defensa da empresa foi que “non está demostrada a culpabilidade do laboratorio, que actuou de acordo ao coñecemento que había na época. O inxusto é pedir a un tribunal que xulgue unha negligencia de hai cincuenta anos.” En 2015, o Tribunal Supremo negou as indemnizacións aos afectados debido á prescrición dos feitos. Por iso, quizais sexa necesario asumir a idea de que os accidentes farmacolóxicos ou de tren poidan non ser evitables totalmente e ser consubstanciais co noso modo de vida. Por tanto, un bo invento sempre poderá traer unha horrible consecuencia, ao tempo que unha non asible e inaceptable responsabilidade, porque en cada tempo concreto a ciencia sabe o que nese momento se coñece.

No presente relatorio propoñémonos comentar aspectos relacionados coa estrutura química da molécula da talidomida, a existencia dunha investigación farmacolóxica de xénero e tamén coa produción dun medicamento desde o seu deseño á comercialización do mesmo. E, ademais, exporemos dúbidas razoables entre o feito de lanzar un medicamento ao mercado con total seguridade dos seus efectos, aínda que moitas persoas queden no longo camiño da investigación, ou a posibilidade de seguir disfrutando delas, pois estarían connosco, de non existir un exceso de celo farmacolóxico que antepón o corazón ao cerebro.